

Procedemento de matrícula
en materias optativas
Curso 2017-2018
Plan Estudos G080 (Plan 0)

PROCEDIMIENTO DE MATRÍCULA EN MATERIAS OPTATIVAS-
FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

CURSO 2017/2018 – PLAN ESTUDOS G080 (Plan 0)

1. Preinscripción nas materias optativas (véxase o ANEXO I)

Antes de que se abra o prazo de matrícula para o curso 2017/2018 (3 – 27 agosto de 2017), o alumnado de continuación que desexe matricularse nas **materias optativas no Grao en Dereito** deberá realizar unha **preinscripción** entre os días **6 e 11 de xullo**. A devandita preinscripción consistirá, dependendo da situación na que se atope o alumnado:

- a) En cumprimentar un Formulario electrónico que se poderá atopar na **Secretaría Virtual, para o alumnado da Facultade de Dereito**.
- b) En cumprimentar un Formulario en papel que se poderá atopar ou na **páxina web** ou na **Secretaría de Alumnado da Facultade de Dereito, para os estudantes procedente doutros centros que teñan previsto trasladarse ou cambiarse no Curso Académico 2017/2018 á Facultade de Dereito de Ourense¹ (ANEXO II)**.

En ambos os dous casos, o alumnado deberá indicar en primeiro lugar o número máximo de créditos de materias optativas nas que desexa matricularse (máximo 36 créditos), e a continuación deberá escoller as materias concretas, indicando a preferencia entre elas.

É obrigatorio que o alumnado indique a orde de preferencia entre as 12 MATERIAS OPTATIVAS, independentemente do número máximo que desexe cursar e da mención escollida -de ser o caso-. De non ser así, arriscaríase a que non queden prazas vacantes das materias optativas da súa preferencia no mes de setembro, segundo o procedemento de asignación descrito a continuación.

O alumnado que xa se matriculara dunha materia optativa en cursos anteriores e non a teña superada non deberá facer a solicitude de preinscripción nestas materias. (Poden matricularlas directamente).

2. Procedemento de asignación das materias optativas

O procedemento de asignación ao alumnado das materias optativas realizarase **do 19 ao 20 de xullo**, concluíndo cunha Resolución Decanal da Facultade onde aparecerá a listaxe de materias optativas que lle foron asignadas a cada estudante.

O alumnado poderá coñecer a Resolución coa asignación das materias a través da Secretaría Virtual, ou consultando o taboleiro de anuncios da Facultade, onde se publicarán os resultados do proceso de asignación de materias optativas antes do 2 de agosto de 2017.

O procedemento de asignación rexeráse polos seguintes criterios, aplicados segundo a orde de prelación que se sinala:

1. Estar titulado ou ter a totalidade dos créditos superados a día 13 de xuño de 2017.

¹ Ao alumnado que se atope nesta opción b), procedente da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, recoméndaselle que faga tamén a preinscripción nese centro a través da Secretaría Virtual.

2. Número de créditos ECTS superados.

3. Nota media en base 10, calculada a data de 13 de xuño de 2017 (actas de cualificacións do primeiro e segundo cuadrimestre). No caso do alumnado de intercambio propio no Curso Académico 2016/2017 (SICUE, ERASMUS, etc.) e dos trasladados doutros Centros, a nota media tamén se calculará a data de 30 de xuño de 2017, pero tendo en conta soamente as cualificacións que consten nese momento no seu expediente académico.

4. No caso de empate aplicando os criterios anteriores terá preferencia o estudante con maior número de matrículas de honra, sobresaíntes, notables e aprobados.

3.- Prazas vacantes

Poden quedar prazas vacantes en todas ou en algunha/s materia/s optativa/s:

- como consecuencia do proceso de asignación de materias optativas levado a cabo no mes de xullo

- se, unha vez asignadas as prazas no mes de xullo, o alumnado admitido non formaliza a matrícula das mesmas no mes de agosto (3-27).

O alumnado poderá coñecer as prazas vacantes das distintas materias optativas - se as houbese- a partires do día 8 de setembro de 2017, a través da Secretaría Virtual, ou consultando o taboleiro de anuncios da Facultade.

Só poderán preinscribirse das materias optativas con prazas vacantes **en setembro**:

- a) As/os estudantes que **non se preinscriban de ningunha materia no mes de xullo**.
- b) As/os estudantes que **sí se preinscribiron** no mes de xullo, **pero** que no mes de agosto **non formalizaron a matrícula de ningunha optativa**. Neste caso, abondaría con que a/o estudante formalizase a matrícula en agosto dunha soa das materias optativas para quedar excluído do proceso de preinscripción do mes de setembro

O alumnado que cumpra os anteriores requisitos e desexe matricularse de materias optativas con prazas vacantes no mes de setembro **deberá realizar** unha **preinscripción** entre os días **9 e 11 de setembro de 2017**. Dita preinscripción consistirá en cumprimentar un Formulario electrónico que se poderá atopar na **Secretaría Virtual**.

O procedemento de asignación ao alumnado das **materias optativas vacantes** realizarase **do 13 ao 14 de setembro**, concluíndo cunha Resolución Decanal da Facultade onde aparecerá a listaxe de materias optativas con prazas vacantes que lle foron asignadas a cada estudante. O procedemento de asignación rexerese polos criterios reflectidos no punto 2 deste procedemento.

O alumnado que sexa admitido no mes de setembro, como consecuencia do proceso de **asignación de prazas vacantes**, disporá unicamente do prazo establecido para modificacións de matrícula de materias do 1º e 2º cuadrimestre (**17 ao 20 de setembro de 2017**) para matricularse de dita/s materia/s. Non poderá matricularse en ningunha outra data de modificación de matrícula.

4.- A Comisión Permanente poderá actualizar as datas e o límite de prazas deste procedemento e informará de tales actualizacións aos membros da Xunta de Facultade.

ANEXO I.- INFORMACIÓN RELATIVA ÁS MATERIAS OPTATIVAS

Para acadar o Título do Grao en Dereito, o alumnado **terá que superar 36 créditos de materias optativas.**

Segundo a memoria do Título de Grao da Facultade de Dereito, as materias optativas son as seguintes:

Cód.	Mención	Nome	Créditos	Límite Plazas*	Cuadri.	Curso
G080901	Dereito Xudicial	Argumentación e interpretación xurídica	6	3	1SG	4º
G080902	Dereito Xudicial	Dereito de defensa da competencia	6	3	1SG	4º
G080906	Dereito Xudicial	Dereito de danos e responsabilidade civil	6	3	2SG	4º
G080907	Dereito Xudicial	Dereito penitenciario e penoloxía	6	3	2SG	4º
G080908	Dereito Xudicial	Dereito penal e procesual de menores	6	3	2SG	4º
G080981	Dereito Xudicial	Prácticas externas	6	3	2SG	4º
G080903	Dereito da U. E.	Dereito mercantil europeo	6	3	1SG	4º
G080904	Dereito da U. E.	Relacións internacionais, Constitución e Unión Europea	6	3	2SG	4º
G080905	Dereito da U. E.	Dereito da nacionalidade e da estranxeiría	6	3	2SG	4º
G080909	Dereito da U. E.	Dereito tributario, comunitario e internacional	6	3	2SG	4º
G080910	Dereito da U. E.	Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas	6	3	1SG	4º
G080911	Dereito da U. E.	Sistemas xurídicos contemporáneos: Der. continental e Der. anglosaxón	6	3	1SG	4º

* O número de prazas poderase modificar en función do número final de preinscritos

O alumnado debe ter presente que, á hora de escoller as materias optativas, poden darse dúas situacións:

a) Que o estudante **desexe obter unha das dúas mencións ao Título de Grao en Dereito.** Nese caso, o estudante terá que superar, como mínimo, 5 materias das 6 específicas de cada mención.

Así, por exemplo, se o estudante quere obter a Mención en Dereito da Unión Europea, terá que superar: ou ben as 6 materias específicas da Mención, ou ben 5 delas e outra da Mención de Dereito Xudicial.

b) Que o estudante **non desexe obter ningunha mención ao Título de Grao en Dereito.** Nese caso, o/a estudante simplemente terá que superar 6 materias das 12 posibles, segundo a súa elección.

Así por exemplo, o estudante pode cursar 3 materias da Mención en Dereito da Unión Europea e 3 materias da Mención en Dereito Xudicial; ou ben, 4 materias da Mención en Dereito da Unión Europea e 2 materias da Mención en Dereito, etc.

En todo caso, o Centro **garantirá que o estudante se poida matricular no Curso Académico de todos os créditos optativos necesarios para acadar o Título de Grao en Dereito**. Sen embargo, **o Centro non pode garantir que a/o estudante poida acadar a Mención da súa preferencia**. Neste derradeiro caso, a/o alumna/o xa titulada/o podería preinscribirse da materias optativas necesarias para acadar a mención no Curso Académico seguinte –tendo ademais, nese momento, preferencia no procedemento de asignación de materias optativas-.

DILIXENCIA para facer constar que o presente “Procedemento de matrícula en materias optativas da Facultade de Dereito de Ourense para o curso académico 2017-2018” do Plan de estudos G080 (Plan 0) foi aprobado pola Comisión Permanente da Facultade de Dereito de Ourense o día 7 de xuño de 2017 e publicado oficialmente na páxina web e no taboleiro de anuncios da Facultade o día 8 de xuño de 2017.

A SECRETARIA

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Ourense



Concepción Martínez Martínez

ANEXO II.- PREINSCRIPCIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS

Este formulario só terá que cumprimentalo o **alumnado procedente doutros centros que teña previsto cambiarse ou trasladarse no Curso Académico 2017/18 á Facultade de Dereito de Ourense**. Unha vez cumprimentado, a/o estudante presentarao na Secretaría de Alumnado da Facultade de Dereito de Ourense coa **data límite de 11 de xullo de 2017**.

D./ Dña, con DNI, correo electrónico e teléfono

FAI CONSTAR QUE:

1º.- O número máximo de créditos de materias optativas nas que desexo matricularme no Curso Académico 2017/18 é de –a/o estudante indicará o número entre 6 e 36-:

2º.- Solicita a admisión por orde de preferencia nas seguintes materias – aconséllase relacionar segundo a súa preferencia todas as materias ofertadas, con independencia do itinerario que se desexe cursar-

Orde de prelación (1-12)	Mención	Nome	Cuadri.	Núm. Créd.
	Dereito Xudicial	Argumentación e interpretación xurídica	1SG	6
	Dereito Xudicial	Dereito de defensa da competencia	1SG	6
	Dereito Xudicial	Dereito de danos e responsabilidade civil	2SG	6
	Dereito Xudicial	Dereito penitenciario e penoloxía	2SG	6
	Dereito Xudicial	Dereito penal e procesual de menores	2SG	6
	Dereito Xudicial	Prácticas externas	2SG	6
	Dereito da U. E.	Dereito mercantil europeo	1SG	6
	Dereito da U. E.	Relacións internacionais, Constitución e U. E.	2SG	6
	Dereito da U. E.	Dereito da nacionalidade e da estranxeiría	2SG	6
	Dereito da U. E.	Dereito tributario, comunitario e internacional	2SG	6
	Dereito da U. E.	Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas	1SG	6
	Dereito da U. E.	Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e Dereito anglosaxón	1SG	6

En, a de de 2017

Asdo.:

SRA/SR. DECANA/O DA FACULTADE DE DEREITO.